

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE IRIXOA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DO FIRME DO VIAL SEMILLEIRO – O CERRO, NA PARROQUIA DE CHURIO**

### **I. Departamento que tramita o convenio**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

### **II. Antecedentes**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Irixoa para executar o proxecto de Mellora do firme do vial Semilleiro – O Cerro na parroquia de Churio.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.

O Concello de Irixoa manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto denominado: "Mellora do firme do vial Semilleiro – O Cerro. O dito vial a rehabilitar, afecta de maneira directa a un dos núcleos que ten máis tránsito dentro do Concello e que está en peores condicións de conservación e mantemento, presentando irregularidades no firme que poñen en risco a seguridade e estabilidade dos usuarios nesta vía de comunicación. Ese estado de deterioro avanzado é o resultado dunha combinación de factores climáticos adversos e un uso intensivo por parte de maquinaria pesada. A continuación, detállanse os principais problemas observados no estado previo do vial:



- Degradación do firme: fendas, fisuras, fochancas e afundimentos
- Erosión das marxes e cunetas obstruídas
- Tráfico constante de maquinaria pesada cuxa consecuencias principais son: · deformacións plásticas e desgaste acelerado.

Como resultado dos danos descritos, a circulación polo vial era perigosa e incómoda:

- Risco de accidentes: as fochancas, fendas e deformacións aumentaban o risco de accidentes, especialmente en condicións de pouca visibilidade durante as choivas.
- Incomodidade para os usuarios: os vehículos lixeiros, como turismos, sufrían una conducción irregular e potencialmente danosa debido ás condicións do firme, o que xeraba incomodidade e aumentaba o risco de danos nos vehículos.

O estado previo do vial é por tanto, claramente inadecuado para soportar un tráfico seguro e eficiente, especialmente baixo as condicións climáticas adversas. A necesidade dunha intervención urxente está xustificada para restaurar a seguridade, funcionalidade e durabilidade do vial, mitigando os riscos asociados ao deterioro avanzado do firme e garantindo unha drenaxe adecuada da auga da choiva.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas vindeiras datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Irixoa de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

A realización da obra require un investimento substancial que o Concello de Irixoa non pode afrontar con recursos propios neste momento. O montante económico do proxecto, excede dos recursos locais dispoñibles actualmente, razón pola cal resulta necesario solicitar unha subvención á Xunta de Galicia pola totalidade do orzamento da obra.

### **III. Finalidade**

O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza.



Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Irixoa o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

#### **IV. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Irixoa para a execución do proxecto de Mellora do firme do vial Semilleiro – O Cerro, cun orzamento total de 48.000 € (IVE incluído).

A actuación consisten no seguinte:

- barrido do firme
- aplicación de mestura asfáltica en quente

Xustificación da solución:

- eficiencia na restauración do firme
- mellora da durabilidade do dito firme
- seguridade vial
- protección do medio ambiente
- balance adecuado entre o custe da intervención e os beneficios obtidos

#### **V. Fundamentos do convenio**

O Concello de Irixoa manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto Mellora do firme do vial Semilleiro – O Cerro, debido ao seu deterioro avanzado, resultado dunha combinación de factores climáticos adversos e un uso intensivo por parte de maquinaria pesada.

A solicitude fundaméntase na necesidade de atender o mal estado de conservación que presenta o vial municipal.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do



convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Irixoa.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración mais próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais. Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

## VI. Aplicación Orzamentaria e Importe

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de corenta e oito mil euros (48.000 €)** IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I ao convenio e do cal forma parte.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima cantidade de **corenta e oito mil euros (48.000 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento do proxecto.

**VII.** Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico  
Francisco Javier Abad Pardo

